



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

CERTIFICADO:

Que na sesión extraordinaria do Concello Pleno. que tivo lugar o día 12 de setembro de 2013, adoptouse o acordo seguinte:

"Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede, do documento de modificación do texto refundido do Plan Parcial SUP-4R "A Pezoca" (Oleiros)

"VISTO documento presentado o día 10.05.13 nº 6190, pola Xunta de Compensación do SUP-4R, para a tramitación de MODIFICACIÓN DO TEXTO REFUNDIDO DO PLAN PARCIAL SUP.4R, en Oleiros, así como documentación presentada o día 11.06.13 nº 7755.

Tramitado o expediente e emitidos os informes técnicos e xurídicos ao Concello Pleno propónse que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado definitivamente o documento de Modificación do Texto Refundido do Plan Parcial SUP-4R de "A Pezoca", en Oleiros. Documentos nº 6190 de 10/05/2013 e nº 7755 de 11/06/2013, que complementa o Plan Parcial documento refundido 26.01.2006.

Segundo.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas modificadas, no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Comunicar este acordo á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), dándolle traslado dunha copia auténtica de dous exemplares da Modificación do Texto Refundido do Plan Parcial SUP-4R de "A Pezoca", en Oleiros. Documentos nº 6190 de 10/05/2013 e nº 7755 de 11/06/2013, que complementa o Plan Parcial documento refundido 26.01.2006, debidamente dilixenciados pola Secretaría Xeral do Concello e en soporte vectorial (DWG,DXF ou DGN) ou SHAPE, xeoreferenciado sen protección e con identificación de códigos, así mesmo, no proxecto de normas vectorial, tódolos ficheiros deberán depender dun directorio ": \nome do proxecto" a fin de dar cumprimento á instrución da Secretaría Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo.

Cuarto.- Dilixenciar o documento Modificación do Texto Refundido do Plan Parcial SUP-4R de "A Pezoca". Documentos nº 6190 de 10/05/2013 e nº 7755 de 11/06/2013.

Quinto.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e contido da modificación.

Sexto.- Notificar á Xunta de Compensación do SUP-4R.

Sétimo.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao que reciba a notificación do presente acordo. Previa e potestativamente, poderase interpoñer recurso de reposición, de conformidade co art. 116 da Lei 30/92, no prazo de un mes, a contar do día seguinte ao que reciba a devandita notificación.

Tamén poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión, cando concorran algunhas das circunstancias previstas no art. 118 da Lei 30/92, do 26 de novembro, pola que se



CONCELLO DE
OLEIROS

aproba o Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común, nos prazos establecidos no apartado 2do mesmo art. 118. Todo isto, sen prexuízo do dereito dos interesados a formular a solicitude e a instancia á que se refiren os artigos 102.1) e 105.2) da devandita lei.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 16 de setembro de 2013.-

Vº e Prace
O alcalde
Ángel García Seoane

